

Victorino Pérez Prieto: “O priscilianismo está moi metido dentro da alma galega”



Quen foi durante moitos anos párroco de San Xoán de Filgueira e San Paulo de Catabois, Victorino Pérez Prieto, regresou onte a Ferrol para falar do seu último libro, “Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario” (Editorial Galaxia), unha obra sobre o primeiro mártir no seo da Igrexa Católica, executado como herexe en Tréveris en 385. O escritor e sacerdote estivo na Fundación Novacaixagalicia convidado pola asociación Medulio. Con el participaron na mesa a presidenta da entidade, Elia Rico, o exalcalde de Ferrol, Xaime Bello, e a profesora Pilar García Negro.

—De onde vén o seu interese pola figura de Prisciliano?

—Creo, con Castelao, que é unha das personalidades máis atractivas da historia de Galicia. Xa desde o ano 88 comecei a escribir cousas sobre el, moi fascinado polo que fixera Otero Pedrayo. Agora o que quixen con este libro foi dúas cousas. Por unha banda levar a cabo un achegamento científico á súa figura, eliminar tantas falsidades que se teñen escrito sobre el, e por outra banda, reivindicar a influencia que tivo desde sempre dentro da cultura galega.

—Hai moitas falsidades sobre a súa biografía e pensamento?

—O peor non é que as haxa, senón que moitas deforman o pensamento de Prisciliano e non teñen en conta as súas propias palabras. O exemplo máis significativo é o seguinte. En 1885 descóbrese na Biblioteca da Universidade de Würzburgo, en Baviera, un manuscrito, o único que conservamos do autor, cunha serie de tratados que explican as súas ideas. Pois ben, esa información non foi tida en conta por moita xente que escribiu sobre el en España como López Ferreiro ou Menéndez Pelayo, que coñecía ben estes textos pero a quen lle interesou dar outra imaxe.

—No estranxeiro como se ve a súa figura?

—Interesa moito máis que en España, sobre todo en Francia e Alemaña. De feito redescubriuno un protestante alemán do século XVII, que o veu como un antecedente de Lutero.

—Hai a lenda oficiosa que na catedral de Santiago quen está soterrado é Prisciliano.

—Non o sei. O que eu teño claro, e calquera investigador serio, é que na catedral quen non está enterrado é o apóstolo Santiago, que nunca estivo en Galicia.

—Cales son as características reais deste mártir galego?

—Predicaba un cristianismo igualitario, cando a Igrexa comezaba xa a xerarquizarse, e no que as mulleres podían ser sacerdotes... un cristianismo moi próximo á figura de Cristo.

—Por que é un símbolo necesario en Galicia, onde tivo tanta forza a súa prédica?

—Pois máis de 200 anos despois da súa morte aínda se lle veneraba. Creo que o seu cristianismo está moi metido na alma galega, nesa raíz telúrica, ese contacto intenso coa terra. A súa semente ten futuro.